



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Nomeamento de persoal funcionario en prácticas da policía local

ANUNCIO

Esta alcaldía ditou o 7 de xaneiro de 2025 o Decreto núm.6/2025, que a continuación se transcribe na súa parte dispositiva:

“1º.- Nomear como funcionarios en prácticas da Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, clase Policía Local e os seus auxiliares, escala básica, categoría policía, integrada no grupo C subgrupo C1 de clasificación, a:

- D. Ángel Garea Vázquez, co DNI núm. ** *42 49* *
- D^a. Paula López Ulloa, co DNI núm. ** *23 05* *
- D. Adrián Reboredo Rodríguez, co DNI núm. ** *52 52* *

Terá efectos económicos e administrativos do día 17 de xaneiro de 2025, con dereito á percepción das retribucións básicas correspondentes ao grupo de clasificación.

2º.- Os nomeados deberán superar o curso de capacitación para a nova categoría na AGASP. Unha vez superado o dito curso os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira nas prazas de policía local por resolución da Alcaldía adoptada no termo dun mes a contar desde a recepción dos correspondentes informes da AGASP, debendo tomar posesión no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación do nomeamento.

3º.- Notificar esta resolución aos interesados, publicala no Boletín Oficial da Provincia e dar traslado da mesma aos servizos de Intervención e Tesourería para os efectos pertinentes”.

O que se fai público para xeral coñecemento

Sada, 8 de xaneiro de 2025

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2025/71